



## RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 12 DE XUÑO DE 2023

### **1. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2023/00026067N. Aprobación de actas de sesións anteriores.**

Apróbanse as actas correspondentes ás seguintes datas:

- Extraordinaria-urxente de data 26 de maio de 2023.
- Extraordinaria-urxente de data 30 de maio de 2023.
- Extraordinaria-urxente de data 1 de xuño de 2023.
- Ordinaria de data 5 de xuño de 2023.
- Extraordinaria-urxente de data 6 de xuño de 2023

### **2. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2023/00004240J.**

#### **Licenza para a reforma interior de apartamento sito na rúa do Vilar 49, 1ºB.**

Acórdase conceder licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto técnico presentado o 26/01/2022 con documentación complementaria de data 16/04/2023, cun orzamento de execución material de 4.125,00 €, obras de reforma interior de apartamento sito na rúa do Vilar 49, 1ºB Santiago de Compostela ( A Coruña).

### **3. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2021/00041599G.**

#### **Rexeitar recurso de reposición contra o acordo de Xunta de Goberno Local de 13.03.2023.**

Acórdase rexeitar o recurso de reposición interposto por don M. A. F. M. contra o acordo da Xunta de Goberno Local do 13/03/2023 polos motivos expostos nos antecedentes e non desvirtuar as súas alegacións os fundamentos fácticos e xurídicos do acordo recurrido, que se mantén en tódolos seus termos.

### **4. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2022/00021321P.**

#### **Aceptar cesión de viario e licenza para a rehabilitación de vivenda unifamiliar adosada na rúa Empedrado, 31.**

Acórdase:

Primeiro.- Aceptar a cesión de viario formalizada na Escritura pública de data 28/03/2023 outorgada ante notario co número de protocolo 976. Deberase presentar a escritura liquidada nun prazo dun mes.

Segundo.-Conceder licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto básico e de execución de data de visado do 20/04/2022 e documentación presentada o 19/04/2023, cun orzamento de execución material de 100.000,47 €, a rehabilitación de vivenda unifamiliar adosada sita na rúa de Empedrado, 31 Santiago de Compostela ( A Coruña).

## **5. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2022/00042684G.**

### **Modificación acordo XGL do 02/05/2023 e conceder licenza para o parcelamento da finca sita en LG Albuciño,4 San Xoán de Fecha.**

Acórdase a modificación do acordo da Xunta de Goberno Local do 2 de maio de 2023 e conceder a D<sup>a</sup> M. G. M. licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o documento de data de visado do 01.08.2022, o parcelamento da finca sita en LG. Albuciño, 4 San Xoan de Fecha – Santiago de Compostela (A Coruña) Parcela con Referencia Catastral 6061617NH3566A, nas seguintes parcelas de resultado

- Parcela RESULTADO FINCA MATRIZ. Solo Clasificado como Solo Núcleo Rural Categoría Consolidado e Cualificado como Ordenanza 13. De núcleos rurais e Ordenanza 14. De expansión dos núcleos rurais. Sup Neta 1.211m2s
- Parcela RESULTADO. Solo Clasificado como Solo Núcleo Rural Categoría Consolidado e Cualificado como Ordenanza 14. De expansión dos núcleos rurais. Superficie Neta 913m2s
- Cesión 156+143m2s= 299 m2s que segundo descripción do documento de parcelamento

## **6. LICENZAS DE OBRA. Referencia: LIC/1583/2006.**

### **Aceptar cesión de viario formalizada na escritura pública de data 15/01/20207 co número de protocolo 165.**

Acéptase a cesión de viario formalizada na escritura pública de data 15/01/2007, outorgada ante notario co número de protocolo 165

## **7. ARQUEOLOXÍA. Referencia: MYTAO 2023/12635N (SUBSANACION ERRO).**

### **Subsanación de erro no acordo de aprobación do proxecto acondicionamento do edificio para “Centro de Interpretación Rupestre de Vilvestro”, en relación con solicitude de subvención nominativa da Deputación da Coruña. Dentro do Convenio do parque “Compostela Rupestre”.**

Acórdase:

A aprobación do proxecto de execución que inclúe a subsanación de erros indicada (data 08/06/2023 e nº de rexistro xeral 2023038615), así como a corrección do orzamento recollido tanto na Xunta de Goberno Local do día 26/05/2023 e no informe técnico do servizo de proxectos e obras, indicando que onde pon:

#### **ORZAMENTO**

O.E.M. (Orzamento de Execución Material) 163.398,88 €

O.B.L. (O.E.M. + 13% G.G. + 6% B.I.) 186.631,83 €

O.B.L. (IVE engadido) 225.824,51 € (O.E.C. + 21% I.V.E.)

Debe poñer:

#### **ORZAMENTO**

O.E.M. (Orzamento de Execución Material) 163.398,88 €

O.B.L. (O.E.M. + 13% G.G. + 6% B.I.) 186.658,83 €

O.B.L. (IVE engadido) 225.857,18 € (O.E.C. + 21% I.V.E.)

## **8. ÁREA IX.- MEDIO RURAL. Referencia: 2023/00006439G.**

### **Aprobación do proxecto construtivo de “Pavimentación dos lugares de Bar de Arriba e Bar de Abaixo e Rúa dos Asidros” revisado segundo informe de supervisión da Deputación da Coruña.**

Acórdase:

Primeiro. Aprobar o proxecto construtivo de data 05/06/2023 da obra “Pavimentación dos lugares de Bar de Arriba e Bar de Abaixo e Rúa dos Asidros”, que ten as seguintes características:

- Orzamento: 175.800,32 euros + 36.918,07 euros de IVE = 212.718,39 euros.

- Prazo de execución: 3 meses.

- Clasificación do contratista: non esixible.

Segundo. Comunicar este acordo á Deputación Provincial da Coruña para o seu coñecemento e para os efectos de continuar coa tramitación da solicitude presentada ao abeiro do plan POS+ 2023.

A obra descrita no proxecto construtivo sinalado ten por obxecto o acondicionamento dos viarios interiores dos núcleos de Bar de Abaixo e de Bar de Arriba e da Rúa dos Asidros que constitúen unha unidade xeográfica conxunta, mediante actuacións de pavimentación e de mellora das redes de abastecemento e de drenaxe asociadas.

#### **9. ÁREA IX.- MEDIO RURAL. Referencia: 2020/00010035T.**

##### **Aprobación do proxecto construtivo de “Reforma do viario A Pajuela-Campo da festa de Marrozos (fase I)” revisado segundo informe de supervisión da Deputación da Coruña.**

Acórdase:

Primeiro. Aprobar o proxecto construtivo de data 29/05/2023 da obra “Reforma do viario A Pajuela-Campo da festa de Marrozos (fase I)”, que ten as seguintes características:

- Orzamento: 370.620,00 euros + 77.830,20 euros de IVE = 448.450,20 euros.
- Prazo de execución: 6 meses.
- Clasificación do contratista: non esixible.

Segundo. Comunicar este acordo á Deputación Provincial da Coruña para o seu coñecemento e para os efectos de continuar coa tramitación da solicitude presentada ao abeiro do plan POS+ Adicional 2/2022.

A obra descrita no proxecto construtivo ten por fin a mellora do espazo público dispoñible no viario municipal que discorre dende A Pajuela e segue ata o Campo da festa de Marrozos mediante o seu acondicionamento con actuacións de pavimentación e formación de cuneta transitable en ambas marxes.

#### **10. ÁREA IX.- MEDIO RURAL. Referencia: 2017/00002299B.**

##### **Actualización revisión prezos proxecto construtivo “Ampliación da plataforma do viario entre Cañoteira e Outeiro de Marrozos (2ª fase)”.**

Acórdase:

Primeiro. Aprobar o proxecto construtivo de data 31/05/2023 da obra “Ampliación da plataforma do viario entre Cañoteira e Outeiro de Marrozos (2ª fase)”, que ten as seguintes características:

- Orzamento: 294.793,39 euros + 61.906,61 euros de IVE = 356.700,00 euros.
- Prazo de execución: 3 meses.
- Clasificación do contratista: non esixible.

Segundo. Comunicar este acordo á Concellaría de Economía e Facenda, Persoal, Contratación e Modernización da Administración Local aos efectos de dispor da financiación complementaria da actuación por un importe de 88.700,00 € (IVE incluído).

Terceiro. Comunicar este acordo á Deputación Provincial da Coruña para o seu coñecemento e para os efectos de continuar coa tramitación da solicitude presentada ao abeiro do plan POS+ 2021.

A obra descrita no proxecto construtivo ten por fin a ampliación dun viario municipal para mellorar a circulación de vehículos e persoas nun tramo da traza da Ruta da Prata (Camiño de Santiago).

#### **11. CONTRATACIÓN. Referencia: 2023/00016091H.**

##### **Aprobación do expediente denominado “Subministración para o Concello de Santiago de Compostela de material de oficina (Lote I) e de cadeiras ergonómicas de oficina (Lote II)”.**

Acórdase:

Primeiro: Aprobar o expediente denominado Subministración para o Concello de Santiago de Compostela de material de oficina (Lote I) e de cadeiras ergonómicas de oficina (Lote II), cun orzamento base de licitación de 116.185,10 € (base imponible de 96.020,74 € máis IVE do 21% de 20.164,36 €), e coa seguinte desagregación por lotes:

Concepto	Lote I	Lote II	Total
Orzamento base licitación S/IVE	84.020,74 €	12.000,00 €	96.020,74 €
IVE 21%	17.644,36 €	2.520,00 €	20.164,36 €
Orzamento base licitación C/IVE	101.665,10 €	14.520,00 €	116.185,10 €

Segundo: Abrir o procedemento aberto de adxudicación.

Terceiro: Aprobar o gasto correspondente por importe de e 116.185,10 €, que se imputará ás aplicacións orzamentarias 030 92000 2200000 .- Lote I e 030 92000 6250000 (2023-4-MOBRE-3)

.- Lote II, coa seguinte desagregación por anualidades:

- Anualidade 2023 : 24.205,23
  - Lote I: 21.180,23 €. - 030 92000 2200000
  - Lote II: 3.025,00 €. - 030 92000 6250000 (2023-4-MOBRE-3)
- Anualidade 2024: 58.092,55 €
  - Lote I: 50.832,55 €. - 030 92000 2200000
  - Lote II: 7.260,00 €. - 030 92000 6250000 (2023-4-MOBRE-3)
- Anualidade 2025: 33.887,32 €.
  - Lote I: 29.652,32 €. - 030 92000 2200000
  - Lote II: 4.235,00 €. - 030 92000 6250000 (2023-4-MOBRE-3)

O crédito das anualidades futuras queda condicionado á efectiva consolidación dos recursos nos exercicios orzamentarios correspondentes, ao abeiro do establecido no artigo 174 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de maio, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora de facendas locais e no artigo 79 e seguintes do Decreto 500/90

## **12. CONTRATACIÓN. Referencia: 2023/00010012B.**

**Aprobación do expediente de contratación de “Subministración dunha rede de comunicacións dixitais para a operativa da policía local e protección civil do Concello de Santiago de Compostela” cun orzamento base de licitación de 393.000 euros.**

Acórdase:

Primeiro: Aprobar o expediente denominado subministración e instalación dunha rede de comunicacións dixitais para a operativa da Policía Local e Protección Civil do Concello de Santiago de Compostela, cun orzamento base de licitación de **393.000,00 €** (base imponible de 324.793,39 € máis IVE do 21% polo importe de 68.206,61 €)

Segundo: Abrir o procedemento aberto de adxudicación.

Terceiro: Aprobar o gasto correspondente por importe de 393.000,00 euros.

## **13. CONTRATACIÓN. Referencia: 2022/00055080A.**

**Adxudicación do contrato de “Subministración de dispositivos portátiles para o uso en mobilidade e teletraballo da solución de administración electrónica”, cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional dentro do programa operativo FEDER Plurirexional de España 2014-2020 a HERBECON SYSTEMS SL por 42.500,00 €, IVE excluído.**

Acórdase:

-Adxudicarlle, por ser a súa oferta a máis vantaxosa, o contrato que ten por obxecto a Subministración de dispositivos portátiles para o uso en mobilidade e teletraballo da solución de administración electrónica, cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional dentro do programa operativo FEDER Plurirexional de España 2014-2020 a HERBECON SYSTEMS SL que presenta unha oferta económica é de 51.425,00 € (base imponible de 42.500,00 € e IVE de 8.925 €).

Ademais, ofertou 4 equipos portátiles adicionais (equipos tipo 1) así como 1 ano de extensión de garantía para os ordenadores de Tipo 1.

Desígnase como responsable do contrato o Xefe do Servizo de Informática, dacordo coa cláusula 19 do PCAP.

- Comprometer un gasto por importe de **51.425,00 €** con cargo á aplicación orzamentaria 030 92001 626000 (Proxecto de Gasto: 2018 2 EDUSI 6)

**14. CONTRATACIÓN. Referencia: 2022/00037377X.**

**Resolución do contrato de “Subministración de caldeiros e bolsas compostables para a recollida separada domiciliaria de biorresiduos e caldeiros e bolsas compostables para a recollida separada de biorresiduos de grandes xeradores no Concello de Santiago, financiado polo Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia – Financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU” e incautación de garantía**

Acórdase:

Primeiro.- Resolver ao abeiro do disposto no artigo 211.1.f) da LCSP o contrato de “Subministración de caldeiros e bolsas compostables para a recollida separada domiciliaria de biorresiduos e caldeiros e bolsas compostables para a recollida separada de biorresiduos de grandes xeradores no Concello de Santiago, financiado polo Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia – Financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU” asinado o 1/12/2022 con ALQUI-ENVAS SL que non entregou nos termos establecidos no contrato 316 caldeiros para biorresiduos de grandes produtores.

Segundo.- Incautarlle as garantías depositadas, unha definitiva por importe de 2.247,35 euros (número de operación 320220004402 e núm. de ingreso 20220001605) e unha complementaria por importe de 1.406,85 euros (número de operación 320220004447 e núm. de ingreso 20220001638).

Terceiro.- Ordenar que se lle notifique este acordo ao interesado e aos Servizos Económicos do concello para os efectos oportunos

**15. CONTRATACIÓN. Referencia: 2022/00029664W.**

**Subsanación do erro advertido na proposta da concellaría delegada de Políticas sociais e saúde, Medioambiente, parques e xardíns de data 10/04/2023, así como no acordo da Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela do 11/04/2023.**

Acórdase proceder á subsanación do erro advertido na proposta da concellaría delegada de Políticas sociais e saúde, Medioambiente, parques e xardíns de data 10/04/2023, así como no acordo da Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela do 11/04/2023, relativo a adxudicación do contrato que ten por obxecto, o Contrato mixto de subministración e servizos enerxéticos do alumeadado público exterior do Concello de Santiago de Compostela á UTE FERROVIAL CONSTRUCCION, S.A. Y ENDESA X SERVICIOS, SL, de xeito que :

Onde di:

2033 (05 meses) 1.740.237,61 €

Debe dicir:

2033 (05 meses) 1.740.237,56

**16. CONTRATACIÓN. Referencia: 2022/00047662Z.**

**Declaración da caducidade do procedemento de resolución do contrato da obra de mellora de equipamentos deportivos e sociais na parroquia de Figueiras.**

Acórdase:

Primeiro: Declarar, ao abeiro dos artigos 21.3 e 25.1 b) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, a caducidade do procedemento de resolución do contrato da obra de mellora de equipamentos deportivos e sociais na parroquia de Figueiras por teren transcorridos máis de 3 meses desde que se ditou a resolución de inicio.

Segundo: Conservar consonte o disposto no artigo 95.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro todos os actos e trámites que se realizaron durante a tramitación do expediente de resolución do contrato do que se declara a caducidade.

**17. CONTRATACIÓN. Referencia: 2022/00001597C.**

**Dar conta da revisión do IPC da renda do contrato de aluguer do local nº 3 sito na rúa Galeras, 28- baixo destinado a oficinas municipais de Catastro e Censos.**

Acórdase:

Primeiro.- Dar conta a Xunta de Goberno da revisión do IPC da renda do contrato de aluguer do local nº 3 sito na rúa Galeras, 28- baixo destinado a oficinas municipais de Catastro e Censos, segundo as variacións experimentadas polo IPC no período comprendido entre abril de 2022 e abril de 2023, que supón un incremento relativo do 4,1 %, quedando fixado o prezo do contrato, a partir do 1 de maio de 2023 no importe mensual de 874,81 € mais IVE (1.058,52 €), e importe anual de 12.702,24 € IVE incluído.

Segundo.- Aprobar e comprometer o gasto correspondente a incremento do IPC de 500,16 € que se financiará con cargo á aplicación orzamentaria nº 030 93100 2020000 POLÍTICA ECONÓMICA E FISCAL. ARRENDAMENTOS.

- Anualidade 2023 (01/05/2023 ata 31/12/2023): 333,44 €, no que existe crédito adecuado e suficiente segundo se deriva do documento contable RC que se xunta ao expediente.
- Anualidade 2024 (01/01/2024 ata 30/04/2024): 166,72 €, no que queda condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente.

Terceiro.- Dar conta deste acordo a Intervención Municipal e a Tesourería Central.

#### **18. CIRCULACIÓN E SEGURIDADE CIDADÁ. Referencia: 2023/00025107H.**

**Aprobación da solicitude dunha subvención á Dirección General de Transporte Terrestre, e encomenda a TUSSA a recopilación de datos e documentos das empresas que prestan o servizo de transporte público de viaxeiros para elo.**

Acórdase:

1º.- Solicitar perante a Dirección General de Transporte Terrestre dependente do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, a subvención pola prestación do servizo de transporte colectivo urbano conforme ao disposto na Resolución do 31 de maio de 2023 da Dirección General de Transporte Terrestre.

2º.- Encomendar a Sociedade Municipal de Xestión do Transporte Urbano de Santiago (“TUSSA”) a recopilación de datos e documentación das empresas operadoras do transporte urbano que cumpran os requisitos da convocatoria, aos efectos de presentar en tempo e forma a solicitude de subvención.

#### **19. SERVIZOS SOCIAIS. Referencia: 2022/00036875Z.**

**Convalidación da omisión da función interventora e recoñecemento de obrigas e aprobación de xustificacións das bolsas de comedor escolar e realización de actividades extraescolares dos atrasos e/ou complementos correspondentes aos meses de setembro e outubro do 2022, do Concello de Santiago de Compostela, para o curso 2022-2023 e do seu pagamento.**

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer as obrigas e aprobación de xustificacións das bolsas de comedor escolar e realización de actividades extraescolares dos atrasos e/ou complementos correspondentes aos meses de setembro e outubro do 2022, do Concello de Santiago de Compostela, para o curso 2022-2023 e do seu pagamento, que irán con cargo á aplicación orzamentaria 020 23100 480010100/2023

1).- BOLSAS DE COMEDOR ESCOLAR: (ATRASOS E/OU COMPLEMENTOS)

MESES DE SETEMBRO E OUTUBRO DO 2022

	SETEMBRO	OUTUBRO
ALIMENTACION SALUDABLE GALLEGA S.L	1.647,50	2.028,17
ANPA CEIP LAMAS DE ABADE	1.575,00	1.755,00
TOTAL:	<b>3.222,50 €</b>	<b>3.783,17 €</b>

## **20. ÁREA I. ÓRGANOS DE GOBERNO, ADMINISTRACIÓN XERAL E RÉXIME INTERIOR.**

**Referencia: Validación omisión función interventora S/2023/141.**

**Validación da omisión da función interventora e recoñecemento de débeda das facturas (4) emitidas pola empresa Naturgy Iberia, S.A. en concepto de subministración de gas e gasóleo para as distintas dependencias municipais correspondentes ao período entre febreiro e abril de 2023.**

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de TRES MIL SEISCENTOS OITENTA E OITO EUROS CON CINCO CÉNTIMOS (3.688,05 €), segundo relación contable de facturas S/2023/141 que se achega no expediente, que comeza pola factura número F/2023/2179 por un importe de 1,71 euros e remata pola factura número F/2023/2431 por importe de 2.999,82 euros, todas elas presentadas pola empresa Naturgy Iberia, S.A.

Terceiro.- Dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

## **21. CIRCULACIÓN E SEGURIDADE CIDADÁ. Referencia: 2023/00023059V.**

**Convalidación da omisión da función interventora e recoñecemento de débeda, correspondente á prestación do servizo de conservación, mantemento, reposición e implantación da sinalización horizontal e vertical, bolardos, elementos de protección, ordenación e balizamento (CON/11/2015), correspondente ó mes de abril, levada a cabo pola entidade ACEINSA, por importe de 32.181,50€.**

Acórdase:

Primeiro: Validar a omisión da función interventora en relación a este expediente pola realización do servizo de conservación, mantemento, reposición e nova implantación da sinalización horizontal e vertical, bolardos, elementos de protección, ordenación e balizamento do tráfico do termo municipal de Santiago, correspondente ó mes de abril de 2023.

Segundo: Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de trinta e dous mil cento oitenta e un euros con cincuenta céntimos (32.181,50€), a prol da entidade ACEINSA, con imputación orzamentaria 060 13300 2270101 do orzamento.

Terceiro: Dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar este prexuízo.

## **22. UNIDADE DE RÉXIME INTERIOR. Referencia: Informe fiscalización Intervención 691/2023.**

**Convalidación da omisión da función interventora e recoñecemento de débeda facturación emitida por Talleres Electrotécnicos de Pontevedra S.C. (TAELO) - en concepto de servizo de radiocomunicacións trunking correspondente ao mes de abril de 2023.**

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación do gasto por importe de MIL SEISCENTOS TRINTA E OITO EUROS CON TRES CÉNTIMOS DE EURO (1638,03 €), segundo relación contable relativa á factura F/2023/2285 expedida por Talleres Electrotécnicos de Pontevedra S.C. (TAELO) - por importe total de 1638,03 €, en concepto de servizo de radiocomunicacións trunking correspondente ao mes de abril de 2023.

Terceiro.- Dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

### **23. SERVIZOS SOCIAIS. Referencia: 2023/00001918Z.**

**[Resolución definitiva da convocatoria para a concesión de axudas individuais para o uso do servizo de taxi como medio alternativo para as persoas con dificultades de mobilidade ou que presentan limitacións para o uso do transporte colectivo do concello de Santiago de Compostela, ano 2023. BOP nº 34 do 17/02/2023.]**

Acórdase:

PRIMEIRO.- Aprobar a CONCESIÓN de 41 solicitudes de subvención por un importe total de 13.550 euros, desglosadas da seguinte forma:

- 36 solicitudes que percibirán un importe de 350 euros cada unha
- 2 solicitudes que percibirán un importe de 250 euros cada unha
- 3 solicitudes que percibirán un importe de 150 euros cada unha

SEGUNDO.- Aprobar a denegación de dúas das solicitudes por non entregar a documentación requirida.

TERCEIRO.- Que en cumprimento do previsto nas bases da presente Convocatoria, dito acordo pon fin á vía administrativa e publicárase no taboleiro de edictos do Concello, da Concellaría de Políticas Sociais e Saúde e na páxina web do Concello ([www.santiagodecompostela.gal](http://www.santiagodecompostela.gal)) para os efectos de reclamacións e concederáse un prazo de 10 días hábiles, a contar dende o día seguinte á data da publicación, para que as persoas interesadas poidan presentar as alegacións ou os documentos que consideren convenientes.

A dita publicación substituirá a notificación individual, nos termos que establecen os artigos 42, 43 e 45 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

CUARTO.- Que o crédito comprometido para a anualidade é de 15.000 €, que irán con cargo á aplicación orzamentaria 020 23100 4800100.

QUINTO.- Que as persoas ás que se lle concede estas axudas reúnen os requisitos previstos na BASE 3 para ser beneficiarias das mesmas e presentaron a documentación prevista na BASE 4 da Convocatoria, que obra no expediente.

SEXTO.- Que todas as solicitudes resoltas favorablemente cumpren co previsto no art. 22.1 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias, coa Seguridade Social).

### **24. PRESIDENCIA E TURISMO. Referencia: 2022/00058419F.**

**[Tomar en consideración a renuncia á subvención de Cooperación ao desenvolvemento 2022 do Concello de Santiago, formulada pola entidade ASOC ONG DE COOPERACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO GALEGA DE REP (AGARESO) que foi concedida por importe de 1.371,00 euros.]**

Acórdase:

Primeiro. Tomar en consideración a renuncia á subvención de Cooperación ao desenvolvemento 2022 do Concello de Santiago, formulada pola entidade ASOC ONG DE COOPERACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO GALEGA DE REP (AGARESO), que foi concedida por importe de 1.371,00 euros.

Segundo. Dar traslado da renuncia á Servizos Económicos do Concello de Santiago para a súa tramitación.

### **25. EDUCACIÓN. Referencia: 2023/00018469G.**

**[Aprobar a modificación do acordo da Xunta de Goberno Local do Concello de Santiago de Compostela, na sesión ordinaria celebrada o 17 de abril de 2023, relativo ao cambio dun membro do xurado]**



Apróbase a modificación do acordo da Xunta de Goberno Local do Concello de Santiago de Compostela, na sesión ordinaria celebrada o 17 de abril de 2023, aos efectos de incluír a Catarina Sobral como membro do xurado da XVI edición do Premio Internacional “Compostela” para álbums ilustrados, en substitución de Natalia Colombo.

**26. MEDIO AMBIENTE E SANIDADE. Referencia: 2023/00026102R.**

**Aprobación do plan de actuacións para minimizar as perdas de auga**

Acórdase:

1. Aprobar o Plan de actuacións para minimizar as perdas de auga baseado na Auditoría elaborada por Viaqua, o cal deberá ser actualizado cunha periodicidade máxima cuatrianual.
2. Publicar a porcentaxe de perda de auga na sede electrónica do Concello.
3. Remitir o Plan aprobado a Augas de Galicia.

**27. DEPORTES. Referencia: 2023/00014521N.**

**Dación de conta da sinatura do convenio de colaboración co club Móvete na Moto, ano 2023.**

Tómase coñecemento da sinatura, o 9 de xuño de 2023, do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago de Compostela e o club MÓVETE NA MOTO para o ano 2023.

**28. DEPORTES. Referencia: 2023/00014501S.**

**Dación de conta da sinatura do convenio de colaboración co Club Atletismo Fontes do Sar, ano 2023.**

Tómase coñecemento da sinatura, o 9 de xuño de 2023, do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago de Compostela e o CLUB DE ATLETISMO FONTES DO SAR para o ano 2023.

**29. OFICINA DE REHABILITACIÓN E VIVENDA. Referencia: 2023/00024965Z.**

**Dar conta do Acordo n.º 15 da comisión bilateral, celebrada o 11 de maio de 2023, relativo ás contornas residenciais de rehabilitación programada delimitados no Concello de Santiago de Compostela, en relación coa execución dos programas de axuda en materia de rehabilitación residencial e vivenda social do plan de recuperación, transformación e resiliencia - financiado pola unión europea – nextgenerationeu na comunidade autónoma de Galicia.**

Dase conta do Acordo n.º 15 da comisión bilateral, celebrada o 11 de maio de 2023, relativo ás contornas residenciais de rehabilitación programada delimitados no Concello de Santiago de Compostela, en relación coa execución dos programas de axuda en materia de rehabilitación residencial e vivenda social do plan de recuperación, transformación e resiliencia - financiado pola unión europea – nextgenerationeu na comunidade autónoma de Galicia no que se recolle a seguinte participación do Concello de Santiago para cada un dos ámbitos:

**CASCO HISTÓRICO**

Anualidade	Ministerio (con cargo ao PRTR financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU)	Outras aportacións			TOTAL
		Concello	Outras administracións públicas	Promotores privados	
2022					
2023	110.000,00	105.954,69		89.074,76	305.029,45
2024	880.000,00	108.603,56		712.598,12	1.701.201,68
2025	1.210.000,00	111.318,65		979.822,41	2.301.141,06
<b>TOTAL</b>	<b>2.200.000,00</b>	<b>325.876,90</b>		<b>1.781.495,30</b>	<b>4.307.372,20</b>

## PROMOCIÓNS PÚBLICAS DO MINISTERIO DE VIVENDA DO SÉCULO XX

Anualidade	Ministerio (con cargo ao PRTR financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU)	Outras aportacións			TOTAL
		Concello	Outras administracións públicas	Promotores privados	
2022					
2023	126.500,00	105.954,69		100.044,67	332.499,36
2024	920.000,00	108.603,56		727.597,62	1.756.201,18
2025	1.253.500,00	111.318,65		991.351,75	2.356.170,40
<b>TOTAL</b>	<b>2.300.000,00</b>	<b>325.876,90</b>		<b>1.818.994,04</b>	<b>4.444.870,94</b>

### 30. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2023/00026067N.

#### **Dar conta das resolucións da alcaldía e das concellerías delegadas.**

Tómase coñecemento das resolucións da alcaldía e das concellerías delegadas de datas 2 ao 8 de xuño de 2023.

## URXENCIAS

### 31. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2023/00026093S.

#### **Dación de conta de sentenza recaída no procedemento PA 365/2021 CA1.**

Dase conta da Sentenza nº 34/2023 do 22 de maio do 2023. Procedemento Abreviado 365/2021 do Xulgado Contencioso Administrativo nº 1

Demandante: Colexio de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos

Obxecto: Contra o decreto do 13.07.2021 que desestima recurso de reposición contra a aprobación definitiva da modificación puntual da RPT referida á xefatura do servizo de planeamento e xestión urbanística e xefatura do servizo de licenzas e disciplina urbanística.

A sentenza é desfavorable aos intereses municipais pois estima o recurso e declara a non conformidade a dereito da modificación impugnada. Acórdase:

1. Tomar coñecemento da resolución xudicial
2. Non interpoñer recurso de apelación
3. Remítala ao Departamento de persoal para os efectos da súa execución, tendo en conta que o presente informe non é preceptivo, nin constitúe un requisito previo para levar a efecto a dita execución polo órgano competente unha vez sexa notificada a firmeza da sentenza (Informe AX/115/2022).

### 32. OBRAS E PROXECTOS. Referencia: 2022/00042217C.

#### **Operación: Medidas Correctoras derivadas do P.A.U. do Estadio Municipal Verónica Boquete – Fase 1 (Actuacións Prioritarias) Asunto: Informe á Xunta de Goberno para dar conta da incorporación de prezos contraditorios**

Acórdase incorporar os prezos descritos no informe-proposta do Servizo de Proxectos e Obras ao contrato das obras de medidas correctoras derivadas do P.A.U. do Estadio Municipal Verónica Boquete – Fase 1 (actuacións prioritarias) e a remisión desta resolución a Intervención Municipal

**33. CIRCULACIÓN E SEGURIDADE CIDADÁ. Referencia: 2023/00020758Q.**

**Convalidación da omisión da función interventora e recoñecemento de débeda, correspondente á prestación do servizo de transporte colectivo urbano de viaxeiros dos meses de xaneiro, febreiro, marzo, abril e maio de 2023.**

Acórdase:

Primeiro: Validar a omisión da función interventora en relación a este expediente pola realización do servizo de transporte colectivo urbano de viaxeiros correspondente ós meses de xaneiro a maio de 2023, ambos inclusive.

Segundo: Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de un millón novecentos setenta e seis mil catrocentos cincuenta e catro euros con corenta céntimos (1.976.454,40 euros) a prol da entidade "Autobuses Urbanos de Lugo u Trap. S.A UTE Lie 18/1983" con imputación orzamentaria á aplicación 060 44110 4790000 do orzamento.

Terceiro: Dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitalos.